

<https://info.nodo50.org/Contra-la-privatizacion-de-Correos.html>



Contra la privatización de Correos

- Noticias - Noticias Destacadas -



Fecha de publicación en línea: Jueves 15 de abril de 2010

Copyright © Nodo50 - Todos derechos reservados

Carta del escritor gallego Darío Xohán Cabana en contra de la privatización de Correos. Relata su propia experiencia como habitante de una pequeña parroquia del Concello de Lugo, Romeán, destacando la importancia de que exista un servicio público de correo en el que todas las cartas sean tratadas igual, independientemente de si llevarlas a su destino es rentable o no.

Las fotografías que ilustran este artículo son de la manifestación de los trabajadores/as de Correos celebrada en Madrid el 14 de abril con motivo de la jornada de huelga convocada para defender la viabilidad del servicio público de Correos y reivindicar unas condiciones de laborales dignas.

Carta Darío Xohán Cabana

Romeán (Lugo), 7 de abril de 2010.

Eu vivo nunha parroquia do Concello de Lugo que se chama Romeán, a dez quilo metros da capital. Cando me mandan unha carta ou un paquete por unha desas axencias de transportes que chaman mensaxerías, a s veces reciboo ben, pero a miúdo ten problemas. A s veces entre ganmo tres ou catro días despois, cando o contrato os obrigaba a entregarmos no día seguinte. A s veces levano primeiro a Outeiro de Rei ou o Corgo, e despois chaman por teléfono preguntando onde é Romeán. Romeán é un topónimo en Galicia, e a parroquia existe dende hai máis de mil anos, pero eles non saben nin onde está. Algunhas veces incluso me referían por vivir nun lugar tan recóndito. Romeán aparece no Nomenclator de Galicia, nos mapas de escala 1:250.000, en todos os atlas de Galicia, na maioría dos atlas de España, nas catro enciclopedias galegas alfabéticas, na web do Concello de Lugo e nunha cheada de sitios en Google, pero eles seguen sen saber onde está. Romeán ten un código postal, o 27141, pero a s veces eles usan programas informáticos onde non sae ese número. E refírense a min, que vivo nunha parroquia milenaria e nunha casa que ten bastante máis dun século de existencia.

A s veces nin sequera me chaman, e deixan durmir o paquete nos seus almacéns. Algunha vez tiveron sorte e localiceino varios meses despois, cuberto de po, nunha nave do Ceao. Outras veces supo que se perdera definitivamente. Son empresas privadas, e está de moda dicir que as empresas privadas funcionan ben. Funcionan cando lles convén, ou cando saben e non lles custa moito traballo.

Isto non me pasa nunca con Correos, que é unha empresa pública e que funciona ben sempre, convénalle ou non. Correos sempre sabe onde vivo, e as cousas cheganme sempre aínda que lles custe traballo aos seus funcionarios. Aos seus traballadores. Se tal día coma hoxe pola maná pon en Vigo unha carta pra min, eu sei que maná a vou recibir. Traíma a carteira, que é unha funcionaria. Chega co seu coche por unha corredeira non moi boa, pero perfectamente practicable pra min e pra ela, e de íxama no buzón. É unha certificada petada porta e entre gaa, con palabras sempre corteses e sen protestar porque vivamos nunha aldea.

Correos é patrimonio de todos. Correos mante as comunicacións incluso onde non é rendible o reparto. Correos é un verdadeiro servizo, e os carteiros e as carteiros rurais fan que nosoutros, os aldeáns, vivamos no mundo. Todos temos que defender Correos e todos temos que apoiar aos traballadores de Correos contra a mercantilización do servizo; pero máis aínda ca ningún non temos que defendelos os galegos que vivimos nas aldeas, pois sen eles, sen o seu traballo constante e entregado, quedaríamos case coma illados, case fóra da corrente principal da vida

moderna. De cada pouco andan falando de empeorar o servizo de carteri a rural, con ideas peregrinas propias de persoas que ignoran ou queren ignorar a peculiar estrutura da poboación galega, o que é entre nós unha parroquia, un lugar, unha aldea. Non o podemos permitir, e por iso debemos apoiar a loita dos traballadores de Correos por manter esa extraordinaria estrutura de servizo público que iguala o habitante da aldea co habitante da cidade. E debemos apreciar e louvar e chufar o seu traballo, e pedirilles o que nos envián cartas que usen sempre Correos, o servizo público, a empresa de todos, o patrimonio común, estatal, valiosísimo. E de camiño, debemos pedir tamén que lles paguen un pouco mellor por un traballo que vale máis do que xeralmente se reconece, pois é un alicerce fundamental da vida civilizada.

Mas información

- [Páxina de Darío Xohán Cabana en Wikipedia](#)
- [Sobre las movilizaciones del 14 de abril de 2010](#)
- [Argumentos y datos contra la privatización de Correos](#)